

Texto: **PELLO AÑORGA**
 Ilustracións: **JOKIN MITXELENA**
 Tradución: **XOSÉ BALLESTEROS**

Encadernado en cartóné
 32 páxinas a toda cor. 21x30 cm.
 Dispoñible en:

- Galego: "O Gran Guerreiro"
ISBN 978-84-96957-19-0
- Castelán: "El Gran Guerrero"
ISBN 978-84-96957-18-3
- Euskara: "Gerlari Handia" (Faktoria K-Pamiela)
ISBN 978-84-7681-535-9

Prezo: 13 €

O GRAN GUERREIRO

O Gran Guerreiro cabalgaba a galope tendido no seu corcel cando, de súpeto, a neve comezou a caer e a cubrir todo cun manto branco e mesto. Mais, naquel lonxano e solitario lugar case non había onde agocharse: tan só a Cova da Moura ofrecía un abrigo seguro...



- **Temática:** a loita dun guerreiro coa súa propia sombra
- **Idade recomendada:** dende 7 anos
- **Aspectos destacables:** descripción da paisaxe; o medo; a soidade; a loita, a victoria e a derrota

I PREMIO ETXEPARE 2007 DE ÁLBUM INFANTIL ILUSTRADO EN ÉUSCARO

"O Gran Guerreiro" ('Gerlari Handia' en éuskara) é a obra galardoada co I Premio Etxepare de Literatura Infantil, para autores de Euskadi. Debe o seu nome ao escritor Bernart Etxepare, cura da vila navarra de Eyheralar. Naceu sobre o ano 1493 e estivo preso na época da guerra entre Fernando o Católico e a Raíña de Navarra, Xoana III de Albret. A Etxepare débese que escribiu o primeiro libro da literatura vasca, publicado en Burdeos en 1545 co título "Linguae vasconum primitiae".

O relato trasládanos a un tempo pasado, no que o valor e o aceiro imponían a lei. O autor recréase na descrición da paisaxe, as accións e os pensamentos do protagonista. Pero onde o texto se volve máis intenso é na loita que o Gran Guerreiro emprende cun ser descoñecido que o espreita na escuridade dunha cova; unha criatura escorregadiza que resiste os embates da súa espada; un inimigo misterioso que o supera e o deixa completamente indefenso, sen arma e sen armadura...

PELLO AÑORGA (Oiartzun, 1956)

Estudou Maxisterio en San Sebastián. Exerceu a docencia na ikastola de Oiartzun, investigando diversos medios de expresión. En 1986 comezou a traballar como narrador por escolas e bibliotecas de toda a xeografía vasca. Tamén imparte obradoiros de contacontos na Facultade de Eskoriatza, pertencente á Universidade de Mondragón. Ademais, colabora dende os seus comezos co Seminario do Libro Infantil.

JOKIN MITXELENA (San Sebastián, 1962)

Estudou Belas Artes en Bilbao. En 1985 empezou a traballar como profesor; nesa época comezou a publicar as súas primeiras colaboracións no eido da ilustración de libros. Dende 1995 reside en Alemaña, onde se dedica exclusivamente á creación artística. Colabora con editoriais alemáns e españolas.